



Candidaturas ao Consello Reitor

ÍNDICE

Consideracións previas	2
Instrucións para a presentación de candidaturas	3
Sesión de presentación das candidaturas	3

Consideracións previas

Segundo o **artigo 45** dos nosos Estatutos, o Consello Reitor de Som Energia componse como mínimo de 5 persoas e como máximo de 9. Actualmente, o Consello Reitor está formado por 9 persoas socias da cooperativa, das cales 3 cesan do cargo este ano de acordo coa renovación por cuartos cada ano que contempla o artigo 46 dos Estatutos.

Ademais, hai unha persoa que deixou o cargo antes de rematar o mandato dos 4 anos, de xeito que hai unha candidatura que debe substituírse por un prazo de 2 anos.

Por este motivo, na Asemblea Xeral deste 2021, ábreanse catro vacantes para formar parte deste órgano.

Para os retos que temos durante os próximos anos, consideramos que é importante un Consello Reitor forte, cohesionado e cunha visión común de como afrontar os retos de futuro. Hai que traballar todos e todas xuntas para continuar dando forma ao proxecto común que é Som Energia.

Á marxe das responsabilidades propias do Consello Reitor, cremos necesario reforzar aspectos que consideramos importantes e que deberían ter en conta as persoas socias que queiran presentar a súa candidatura. Cada candidato ou candidata debe pensar na achega que pode facer á hora de satisfacer as necesidades do proxecto.

Por iso, consideramos importante incorporar persoas socias:

- 1.** Con experiencia en organizacións democráticas, participativas e da economía social.
- 2.** Con coñecementos e experiencia en modelos de toma de decisións en organizacións participativas, e con coñecementos de modelos cooperativos.
- 3.** Con coñecementos do modelo interno de Som Energia, a súa traxectoria e os seus retos a futuro. Sería desexábel participar ou ter participado e traballado nos grupos locais, que son a base da cooperativa.
- 4.** Con capacidade de chegar a consensos e con visión do colectivo fronte aos individualismos.
- 5.** Co compromiso que se contrae ao formar parte do Consello Reitor, principalmente, con vontade de permanecer até o final do mandato (maio de 2024), de realizar un seguimento da evolución de Som Energia e de participar nas reunións periódicas que se levan a cabo para poder tomar decisións que afectan ao desenvolvemento da cooperativa.

Instrucións para a presentación de candidaturas

Aquelas persoas que teñan interese en presentar a súa candidatura, deben:

1. **Encher este formulario.**
2. Gravar un vídeo (de 3 minutos aproximadamente), de presentación e motivación, explicando quen sodes e o que vos leva a presentarvos ao cargo. Podedes facelo no idioma que vos sexa natural e nós encargáremos de subtitulalo.
3. Facer chegar un correo electrónico a participa@somenergia.coop con:
 - a. Asunto: Candidatura a Consello Reitor
 - b. Unha fotografía vosa, de calidade, para publicar a candidatura ([ver exemplo](#))
 - c. O vídeo de presentación e motivación
 - d. A confirmación de encher o formulario

A data límite para presentar candidaturas é o **xoves 13 de maio**.

As candidaturas votaranse na Asemblea, e as que obteñan máis votos serán as que se incorporarán ao órgano da cooperativa. Na primeira reunión do Consello Reitor posterior á Asemblea Xeral decidirse, de xeito colexiado, que persoas ocuparán as 3 vacantes ordinarias de 4 anos e cal a vacante de substitución de dous anos.

Sesión de presentación das candidaturas

Coa vontade de que as persoas persoas socias coñezan mellor as persoas que presentan a súa candidatura para participar do Consello Reitor, está prevista unha sesión virtual para o **próximo mércores 26 de maio ás 17.30 h.**

Nesta sesión, que é de participación voluntaria, as persoas que presentaron a súa candidatura poderán presentarse e expor algunhas das súas ideas sobre temas como a transición enerxética transformadora, o cambio climático, a diversidade na participación de Som Energia, etc. Para que este encontro sexa unha proposta motivadora e non algo que free a presentación de candidaturas, avanzamos que as persoas candidatas preparasen previamente a sesión, conxuntamente co equipo de Participación :)